



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 6 de xuño de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de maio de 2018.
2. Apróbase a memoria descritiva e presuposto detallado e solicítase autorización para reinversión da baixa xerada no investimento “Reconstrución de ponte e urbanización da rúa Ponte Zapal” con destino ó proxecto de “Substitución de equipo de bombeo e adaptación da estación de bombeo de Lameira”, por importe de 16.090,88 euros, IVE incluído, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.
3. Adxudícase o contrato de servizos de “Asistencia técnica para a implementación e execución da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Marín (EDUSI MARIN 2020)”, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020”, por importe de 199.650,00 euros, IVE engadido, e un prazo de duración de 4 anos.
4. Dáse conta da resolución provisional de concesión de subvención para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, da Axencia Turismo de Galicia, por importe de 20.424,77 euros, correspondente ó 65% do orzamento subvencionable da actuación denominada “Ruta monte e praias”.
5. Dáse conta da concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por importe de 22.500,00 euros, con destino á contratación de 2 traballadores/as desempregados(as para a realización da obra ou servizo denominado “Apoio ao servizo de limpeza forestal”.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Dáse conta das instrucións para tramitar os anticipos e recordatorio do prazo de xustificación das subvencións concedidas no marco da Liña 3: Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
2. Dáse conta do pagamento do primeiro anticipo correspondente ó Plan Concertado 2018, da Consellería de Política Social, por importe de 28.686,36 euros.
3. Apróbase o proxecto de “Humanización da rúa Concepción Arenal, entre a rúa José Trasande e a rúa Real de Cantodarea. Marín”, cun orzamento base de licitación, con IVE, de 693.262,71 euros, incluído no convenio de colaboración, asinado o 28/03/2018, entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de marín para o acondicionamento da PO-546.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000250BB00V2R8S9H7G&J1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190151739
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 14/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/01/2019 15:18:37	Fecha: 14/01/2019 Hora: 15:18

